

8M

DÍA INTERNACIONAL DE LA DONA TREBALLADORA
DÍA INTERNACIONAL DE LA MUJER TRABAJADORA
EMAKUME LANGILEAREN NAZIOARTEKO EGUNA

DÍA

INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA

POR TI, POR NOSOUTRAS, POR TODAS!



@CGT

rojonegro.info

www.cgtgalicia.org

Confederación
Xeral
do Traballo



8 DE MARZO. DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA

POR TI, POR NOSOUTRAS, POR TODAS!

Baixo os lemas “**Sen nós o mundo non funciona**”, “**Sen nós non hai nin produción nin reprodución**”, “**Queremos parar, para parar o mundo**”, “**Folga para vivir, folga para coidarnos**”, o pasado 8M de 2018 desenvolvemos unha histórica xornada de **Folga Xeral de 24 horas, laboral, de consumo, de coidados e estudantil**, participando activamente na convocatoria que o Movemento Feminista lanzaba á sociedade.

Millóns de mulleres fomos protagonistas, en primeira fila, ocupando o espazo público, dando un significativo paso cara a adiante, irreversible, no proceso de loita pola igualdade e a emancipación total, que vimos construíndo as mulleres desde hai moitos anos, ata conseguir que todas as persoas sexamos “**socialmente iguais, humanamente diferentes, totalmente libres**” como propoñemos desde o anarcofeminismo. Durante todo o ano 2018 mantivéronse mobilizacións en contra da xustiza patriarcal, pola despenalización do aborto, contra a violencia sexual e en xeral contra as violencias machistas, construíndose unha loita internacional e global imparabile.

Este 8M de 2019, asumindo os argumentos e principios antipatriarcales, anticapitalistas e antirracistas, volvemos convocar unha nova **Folga Xeral** de 24 horas contra todos os abusos do sistema neoliberal, capitalista e patriarcal, baseada en catro eixos fundamentais:

- Unha **Folga Laboral** que paralice a produción deste sistema explotador que nos escraviza.
- Unha **Folga de Consumo** que atene contra o elemento esencial do capitalismo globalizado deste século XXI.
- Unha **Folga de Coidados e Traballo Doméstico** que visibilice a complicidade do capitalismo e o patriarcado para permitir que a mulleres sexamos relegadas á segunda fila, ao traballo doméstico, reprodutivo, nun papel sempre secundario, sempre submisivo.
- Unha **Folga Estudantil**, en coordinación con este movemento, que paralice o sistema educativo, responsable de reproducir o desigual e penoso sistema social no que as mulleres sufrimos a violencia e o terrorismo machista.

Neste 2019, gritamos alto e claro que non imos tolerar pasos atrás nos dereitos conquistados polas mulleres; que non imos permitir que o patriarcado, camuflado no máis rancio e medieval extremismo político e relixioso, siga exercendo a súa violencia impunemente no plano laboral, económico, social; que non imos a axeonllarnos e aceptar resignadas, sen resposta, os asasinatos e violencias machistas.

O PATRIARCADO VAI CAER

Pola Igualdade, contra as Violencias Machistas e contra a Discriminación Laboral